

18 xunio 74

Meu querido Del Riego: Recibí~~me~~ a primeira parte das probas de páxina mais non chas poderé mandar hasta recibir a totalida pra poñer os números das páxinas a que se fai referencia no texto.

Por otra parte estou a facer o Indice alfabetico, necesario nunha obra deste tipo. Asi mo indicou tamén Alvaro Gil. Xa teño feita, en fichas, a parte que me mandaches e todo iré moi de contado.

Carlos Martinez-Barbeito quer que presente o libro no Museu de America num acto que él vai organizar. Pareceme ben porque dise xeito daráse máis a coñecer. Pero como agora escomenza a estación morta en Madrid, seré mestor aprazalo decica setembro. De todos xeitos non conván lanzar o libro nos dous meses que veñen. Pola miña parte todo ha ir ben axiña, incluse o Indice alfabetico.

Moitas apertes de todos nós pra tí e a tua muller. E tamén lembranzas pra os teus irmans.